



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Colexio de Educación Infantil e Primaria "A LOMBA"
Correo electrónico: ceip.alomba@edu.xunta.es

**PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á
DIVERSIDADE**

CEIP A LOMBA
Data de aprobación: 31/05/2016

ÍNDICE

1 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

2 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

3 DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

4 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

5 DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

6 CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO

7 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASI COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN

8 CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVICIOS EXTERNOS AO CENTRO.

9 PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS

10. PROCESOS DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN

11. ANEXOS

1 XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

1.1 Contexto legal

O Plan Xeral de atención á diversidade é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación, o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten ensinanzas establecidas na L.O.E , o Decreto 120/1998 do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia e a Orde do 24 de xullo, pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia regulada que o desenvolve, xunto coas correspondentes circulares anuais e demais lexislación educativa (ver anexo I). Neste plan concréntanse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que este centro educativo deseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado en tódalas etapas educativas, respectando o principio de non discriminación e de normalización e inclusión educativa.

1.2 Contexto do centro

Localización:O C.E.I.P. A Lomba atópase nun dos concellos que forman parte da comarca do Salnés, situada ao noroeste da provincia de Pontevedra, estando adscrito ao IES Castro Alobre.

Contexto social :

No entorno familiar predominan familias reconstituídas e nucleares.

A emigración, a falta de industria e o aumento do número de paradas e parados, son as grandes diferenzas no nivel económico e cultural das familias.

Recursos persoais. Profesorado e alumnado:O centro conta con 542 alumnas e alumnos.

O claustro está formado polos seguintes membros: nove titoras de Educación Infantil, tres mestras de apoio a Educación Infantil, dezaioito titores de Educación Primaria, tres mestres de Educación Física, dous mestres de Relixión, dúas mestras de Pedagogía Terapéutica e unha compartida con outro centro, dúas mestras de Audición e Linguaxe (unha delas afín con PT) , catro mestres de Lingua estranxeira (un deles itinerante), dúas mestras de Educación Musical e a xefa do Departamento de Orientación.

Documentos de centro

Proxecto Educativo de Centro

Plan de evacuación

Normas de Organización e Funcionamento
Programación Xeral Anual
Programación do 2º Ciclo de Educación Infantil
Programacións de Nivel de Educación Primaria
Plan lector
Proxecto de Dinamización da Lingua Galega
Plan de Convivencia
Plan do Departamento de Orientación
Plan de Acción Titorial
Plan de Acollida
Plan de Biblioteca.

2 IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Segundo a *Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora de a calidade educativa*:

“ As Administracións educativas dispoñerán os medios necesarios para que todo o alumnado alcance o máximo desenvolvemento persoal, intelectual, social e emocional,(...).”

“Corresponde ás Administracións educativas asegurar os recursos necesarios para que os alumnos e alumnas que requiran unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, TDAH, polas súas altas capacidades intelectuais, por haberse incorporado tarde ao sistema educativo, ou por condicións persoais ou de historia escolar, poidan alcanzar o máximo desenvolvemento posible das súas capacidades persoais e, en todo caso, os obxectivos establecidos con carácter xeral para todo o alumnado.”

No noso centro contamos con 542 alumnas e alumnos, dos cales 92 requiren unha atención educativa diferente a ordinaria por:

Ⓢ Necesidade educativas especiais : 8 no CEIP A Lomba.

Ⓢ Dificultades específicas de aprendizaxe: 37 no CEIP A Lomba e 14 no CEIP Anexo A Lomba.

- ⊗ TDAH : 4 no CEIP A Lomba e 1 CEIP Anexo A Lomba.
- ⊗ Altas capacidades intelectuais: Cero.
- ⊗ Incorporación tardía ao sistema educativo: 1 no CEIP A Lomba.
- ⊗ Condicións persoais ou de hª escolar: 13 no CEIP A Lomba e 1 no CEIP Anexo.

No CEIP A Lomba quedan pendentes de valorar e con moita probabilidade necesitarán apoio por parte dos especialistas AL e/ou PT varios alumnos de educación primaria. Están ademáis pendentes os resultados das avaliacións iniciais dos titores de educación primaria, das cales probablemente xurdan peticións de avaliación para atender novos casos.

3 DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

- Concienciar á comunidade educativa da importancia de dar resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.
- Tomar decisións e adoptar medidas de atención á diversidade (ordinarias e extraordinarias)de tipo curricular, relacional e organizativo e optimizando os recursos humanos e materiais do centro.
- Atender á escolarización do alumnado segundo a lexislación vixente.
- Adoptar as medidas oportunas para posibilitar a atención educativa ao alumnado que, por razóns de saúde ou por decisión xudicial, non poida asistir con regularidade a un centro educativo.
- Rexistrar o absentismo escolar (10% sen xustificar do horario lectivo mensual) e/ou desescolarización en idade obrigatoria e adopción do protocolo de actuación que corresponda.
- Garantir as circunstancias que requiren un tratamento singularizado da escolarización do alumnado.

- Prestar coordinación ao alumnado hospitalizado de longa (máis de 30 días) e media duración (15 e 30 días), por parte do noso centro.
- Adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan en relación ao alumnado con necesidade educativa de apoio específico (por condicións persoais e de historia escolar, no que se inclúen o alumnado sometido a medidas de protección e tutela).
- Garantir a escolarización inmediata do alumnado por motivos de violencia ou acoso escolar.
- Garantir a continuidade do proceso de aprendizaxe do alumnado pertencente a familias itinerantes, coa información pertinente.
- Proporcionar a atención educativa a alumnado procedente do estranxeiro (de tipo curricular e organizativo).
- Identificar, realizar a avaliación inicial, valorar, e dar resposta educativa ás necesidades educativas do alumnado, de forma temperá, informando ás familias.
- Realizar unha avaliación psicopedagóxica do alumnado con n.e.a.e., e considerar o que con esta conleva.
- Realizar os informes que correspondan en relación ao alumnado con n.e.a.e., e considerar o que con estes se determine.
- Dar ás familias información, asesoramento e facilitar a comunicación co profesorado e a súa participación na vida do centro.
- Poñer en común a información recollida na documentación do alumnado e, particularmente nos informes de fin de ciclo e/ou etapa.
- Coordinarse entre as diferentes etapas.
- Coordinarse entre o CEIP. A Lomba e o IES. Castro Alobre.
- Potenciar os esforzos de coordinación coas diferentes administracións, entidades, asociacións e outras organizacións sen ánimo de lucro (Servizos Sociais, Unidade Infanto Xuvenil, Pediatría, ONG Ecos do Sur, etc.)
- Fomentar a formación do profesorado en relación á atención á diversidade.
- Realizar un traballo en equipo entre o claustro, como medida para favorecer a calidade na atención á diversidade.

4 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Seguindo as liñas do Decreto 229/2011 do 7 de decembro, sinalamos dous tipos de medidas que levamos á práctica no CEIP A Lomba:

■ 1. Medidas ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade as que non alteran os obxectivos, contidos e criterios de avaliación.

Inclúense os seguintes, considerando que as que están en negriña son as que están en funcionamento na actualidade:

- **Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.**

- **Adecuación das programacións didácticas ao contorno do noso centro.**

- **Metodoloxías baseadas no traballo de colaboración en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.**

- **Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.**

- Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

- Desdobramentos de grupos.

- **Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria** (Anexo II Modelo de información ás familias).

- Reforzo educativo e apoio da mestra afín a inmigrantes (Anexo III Modelo de información ás familias).

- Programas de enriquecemento curricular.

- **Programa de reforzo educativo nas áreas instrumentais básicas.** (Solicitouse os Contratos Programa para o **PROA** (Programa de enriquecemento, orientación e apoio para alumnado de 3º,4º,5º,e 6º nivel de Educ. Primaria, fóra do horario lectivo, durante 4 horas semanais para cada 2 niveis ; 3º-4º e 5º-6º) e o **Programa de Mellora da lectura, escritura e cálculo** (para o 1º e 2º nivel de Educación Primaria, principalmente).

- **Programas de recuperación para o alumnado repetidor.**

- **Programas específicos personalizados.**

- Programa de Estimulación da linguaxe oral na Educación Infantil.

■ 2. Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas as dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con NEAE. que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización.

Aplicaranse:

- Unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren insuficientes.

Precisan:

- Autorización da dirección do centro, do Servizo de Inspección Educativa, da Xefatura Territorial ou da Dirección Xeral que proceda e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

Considéranse, entre outras, as que seguen, sen prexuízo de cantas outras medidas e procedementos estableza a Consellería.

Inclúense:

- **Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe.**(Protocolo I)

Modelo de: Autorización da dirección do centro, que neste centro acordamos que a realizará a dirección do centro (Protocolo I.I)

Modelo de: Información á familia, en relación á intervención da mestra de Pedagogía Terapéutica (Protocolo I.II)

Modelo de: Información á familia, en relación á intervención da mestra de Audición e Linguaxe (Protocolo I.III)

-**As coidadoras exercen as funcións que lle son propias.**

- **Adaptacións curriculares** (Protocolo II)

Modelo de: Autorización da Dirección do Centro, sen prexuízo da Inspección Educativa. (Protocolo II.I)

Modelo de: Información á familia. (Protocolo II.II)

Modelo de: Información e conformidade da familia. (Protocolo II.III)

- Agrupamentos flexibles (referíndonos ao grupo de adquisición de linguas e ao grupo de adaptación da competencia curricular, que a continuación se detallan).

- Grupos de adquisición de linguas. (Protocolo III)

Modelo de: Autorización da dirección do centro, sen prexuízo da Inspección Educativa. (Protocolo III.I)

Modelo de: Información á familia. (Protocolo III.II)

Modelo de: Información e conformidade da familia. (Protocolo III.III)

- Grupos de adaptación da competencia curricular. (Protocolo IV)

Modelo de: Autorización da Dirección do Centro, sen prexuízo da Inspección Educativa. (Protocolo IV.I)

Modelo de: Información á familia. (Protocolo IV.II)

Modelo de: Información e conformidade da familia. (Protocolo IV.III)

Modelo de: Información á familia dos progresos na superación do desfase curricular. (Protocolo IV.IV)

Modelo de: Información ás familias en relación á integración do alumnado procedente do estranxeiro, na vida do centro. (Protocolo V)

- Flexibilización do período de escolarización de alumnado con necesidades educativas especiais asociadas a sobredotación intelectual. (Protocolo VI)

Modelo de: Indicios da familia da alumna ou do alumno. (Protocolo VI.I)

Modelo de: Indicios da mestra ou mestre da alumna ou do alumno. (Protocolo VI.II)

Modelo de: Autorización da Dirección do Centro, sen prexuízo da Inspección Educativa. (Protocolo VI.III)

Modelo de: Información á familia. (Protocolo VI.IV)

Modelo de: Información e conformidade da familia. (Protocolo VI.V)

- **Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada ao centro.** (Protocolo VII)

Modelo de: Rexistro de asistencia a clase (Protocolo VII.I)

Modelo de: Información ás familias por situacións de absentismo, desescolarización e abandono escolar temperán.(Protocolo VII.II)

Modelo de: Autorización para a adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade (situacións de absentismo, desescolarización e abandono escolar temperán), pola dirección do centro.(Protocolo VII.III)

5 DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E A APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

En relación as medidas propostas anteriormente, os criterios para a organización e distribución dos **recursos materiais** son os seguintes:

- As instalacións e dependencias do centro serán accesibles para todo o alumnado escolarizado neste centro.

- A través dos informes ou ditames que correspondan, solicitarase á Consellería os servizos complementarios adaptados ao alumnado que teña necesidade.

- O Departamento de Orientación realizará demandas ao Equipo Directivo, para dotar ao departamento de materiais específicos para atender ás necesidades educativas da diversidade do alumnado.

- O Departamento de Orientación informará do rexistro dos materiais específicos. (Anexo IV. Modelo de préstamo de materiais específicos do DO, mentres non estén rexistrados no Programa Meiga da biblioteca escolar).

En relación as medidas propostas anteriormente, os criterios para a organización e distribución dos **recursos humanos** son os seguintes:

O centro contará con profesionais especializados: Profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, os cales atenderán as necesidades educativas do alumnado en base ós criterios de prioridade establecidos polo Departamento de Orientación.

Tamén cando as condicións e necesidades do centro o permitan, o profesorado dedicará as horas libres lectivas á atención de alumnado de reforzo, preferiblemente do nivel en que imparta clase.

Os criterios para a organización da atención ao alumnado por parte do profesorado de Pedagogía Terapéutica e/ou Audición e Linguaxe e, de ser o caso, doutros profesionais serán os seguintes:

1º - O alumnado que require unha atención educativa diferente da ordinaria por presentar:

- ✓ Alumnado con NEE (con ou sen ACS), ben do 2º ciclo de infantil ou da etapa de primaria.
- ✓ Alumnado sen NEE, pero con ACS.
- ✓ Alumnado con TDAH ou problemas de conduta.
- ✓ Alumnado repetidor.
- ✓ Alumnado de 6º de Educación infantil con problemas na linguaxe e alumnado 1º e 2º nivel de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe.
- ✓ O resto do alumnado con dificultades a nivel curricular ou lingüístico.

- Sempre que se poida, procurarase adaptar o horario de clase ordinaria, exceptuando o das especialidades, para facilitar o traballo da mesma área co alumnado que queda en clase e co que se apoia fóra.

- As intervencións específicas do profesorado especialista de Pedagogía Terapéutica e/ou de Audición e Linguaxe, serán propostas e deseñadas polo departamento de orientación, en colaboración coa titora ou titor do grupo ao que pertence a alumna ou o alumno.

- A elaboración das ACS será responsabilidade do titor/a ou especialista que impartan a materia contando sempre co asesoramento do Departamento de Orientación.

- - A coordinación destas actuacións, xunto coas do resto do profesorado, tendo en conta o proxecto curricular e as programacións de aula, corresponderá a Xefatura de Estudos do centro.

Ademais teranse en conta as **medidas xerais** que seguen:

Ao final de cada curso recollerase unha proposta de previsión de medidas organizativas e programas específicos a desenvolver no curso seguinte. Esta recollerase na memoria final de curso, na avaliación das medidas de atención á diversidade do curso e como proposta de mellora das mesmas para o curso seguinte.

O Equipo Directivo tomará en conta as propostas de medidas de atención á diversidade para a organización do curso e petición de recursos. Esta adaptarase ás posibilidades organizativas cos recursos previstos cos que conte o centro a principios de curso.

Ao final de cada trimestre, ou sempre que se estime necesario, avaliarase a efectividade das medidas adoptadas e modificaranse na proposta inicial, en función de novas necesidades detectadas ou para a súa maior efectividade.

6. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Todos os profesionais que interveñen no proceso educativo teñen un papel importante no desenvolvemento do Plan de atención á Diversidade.

O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

O Consello Escolar aprobará o Plan Xeral de Atención á Diversidade, por proposta do claustro do profesorado.

O Departamento de Orientación, ao comezo de cada curso escolar, elaborará a proposta da concreción anual do Plan xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da Programación Xeral Anual.

7. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS OU DE ADSCRICIÓN.

- O profesorado titor e o Departamento de Orientación poñerán en común a información recollida na documentación do alumnado e, particularmente, nos distintos informes elaborados.

- Os mecanismos de coordinación entre as distintas etapas e niveis son a través de:

Reunións de ciclo e nivel, os primeiros martes do mes.

Reunións dos equipos do centro: dinamización lingüística, actividades complementarias e extraescolares, biblioteca, TICs e de apoio a Xestión do Centro, o segundo martes do mes

Reunións do Departamento de Orientación e reunións de niveis, o terceiro martes de cada mes

Reunións da Comisión de Coordinación Pedagóxica e, os cuartos martes do mes.

Reunión do claustro do profesorado, tantas veces coma sexa preciso

Os mecanismos de coordinación entre os centros educativos implicados:

O C.E.I.P. A Lomba colaborará co IES de Castro Aobre, como centro adscrito, proporcionándolle información principalmente do alumnado do 6º nivel. Tamén se facilitará información a outros IES que o demanden onde se escolarice o alumnado deste centro que remate 6º nivel de Educación Primaria.

Coordinarase a xornada de acollida para este alumnado, no mes de maio.

Realizarse un Informe do alumnado de 6º nivel de primaria con NEAE, por parte da Orientadora do centro, que se trasladará ao IES correspondente.

8. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

- Recolleremos a información necesaria das familias para a realización das avaliacións do alumnado co fin de detectar posibles necesidades.:

- Traballaremos de forma conxunta familia e centro colaborando nas decisións que afecten a escolarización e aos procesos educativos do alumnado.

- Continuaremos realizando charlas informativas coas familias tendo en conta, mediante enquisas, os temas que sexan do seu interese. Proporcionaremos pautas de actuación ante diversas situacións que se poidan presentar ao longo do curso ou en situacións cotiás que inflúan no correcto desenvolvemento do seu proceso de aprendizaxe..

- Colaboraremos coa administración, coas entidades, asociacións e organizacións sen ánimo de lucro, (Servizos Sociais, SERGAS, atención temperá, Equipos de Orientación Específicos) da seguinte maneira: establecendo protocolos comúns de actuación, favorecendo o intercambio de información, difundindo referencias de prevención, detección temperá e intervención educativa do alumnado.

9. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Protocolo I. APOIO DO PROFESORADO ESPECIALISTA EN PEDAGOXÍA TERAPEUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE.

Protocolo I.I

Modelo de: Autorización para a adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade (apoio da mestra de pedagogía terapéutica e/ou audición e linguaxe), pola dirección do centro.

AUTORIZACIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (APOIO DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA E/OU AUDICIÓN E LINGUAXE), POLA DIRECCIÓN DO CENTRO

Don Paulino Portas Blanco, en calidade de director do CEIP A Lomba – Vilagarcía de Arousa, **AUTORIZA** a que se leve a cabo o apoio do:

- Mestra ou mestre especialista en pedagogía terapéutica.

- Mestra ou mestre especialista de audición e linguaxe.

Para a alumna ou o alumno matriculado _____ ou matriculada neste centro no momento actual, debido as súas necesidades específicas de apoio educativo, conducentes ao seu mellor desenvolvemento académico, persoal, social e cognitivo, para o que foron informados debidamente os seus pais, nais e/ou titores e titoras legais

Vilagarcía de Arousa, ____ de _____ de _____

Asdo. O director

Selo do centro

Protocolo I.II Modelo de: Información á familia en relación á intervención da mestra de Pedagogía Terapéutica (Reforzo Educativo)

INFORMACIÓN Á FAMILIA EN RELACIÓN Á INTERVENCIÓN DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (REFORZO EDUCATIVO)

Dona ou Don _____, con DNI _____, nai, pai e/ou titora ou titor legal da alumna ou do alumno _____, que cursa _____, da etapa de Educación _____, comunico que recibín a información da medida extraordinaria.

Asdo./

Vilagarcía de Arousa, a ____ de _____ de 20__

INFORMACIÓN Á FAMILIA EN RELACIÓN Á INTERVENCIÓN DA MESTRA DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA (REFORZO EDUCATIVO)

Dona ou Don _____, con DNI _____, nai, pai e/ou titora ou titor legal da alumna ou do alumno _____, que cursa _____, da etapa de Educación _____, comunico que recibín a información da medida extraordinaria, e:

Por iso:

Estou de acordo en que a miña filla ou meu fillo reciba o apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica, neste curso

20__/20__.

(Asinar no caso de marcar cunha x)

Asdo./

Non estou de acordo en que a miña filla o meu fillo reciba o apoio da mestra de Pedagogía Terapéutica, neste curso

20__/20__.

(Asinar so no caso de marcar cunha x)

Asdo./

Vilagarcía de Arousa, a ____ de _____ de 20__

Protocolo I.III Modelo de: Información á familia en relación á intervención da mestra de Audición e Linguaxe.

INFORMACIÓN Á FAMILIA EN RELACIÓN Á INTERVENCIÓN DA MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE (REFORZO EDUCATIVO)

Dona ou Don _____, con DNI _____, nai, pai e/ou titora ou titor legal da alumna ou do alumno _____, que cursa _____, da etapa de Educación _____, comunico que recibín a información da medida extraordinaria.

Asdo./

Vilagarcía de Arousa, a ___ de _____ de 201__

INFORMACIÓN Á FAMILIA EN RELACIÓN Á INTERVENCIÓN DA MESTRA DE AUDICIÓN E LINGUAXE (REFORZO EDUCATIVO)

Dona ou Don _____, con DNI _____, nai, pai e/ou titora ou titor legal da alumna ou do alumno _____, que cursa _____, da etapa de Educación _____, comunico que recibín a información da medida extraordinaria, e:

Por iso:

Estou de acordo en que a miña filla ou meu fillo reciba o apoio da mestra de Audición e Linguaxe, neste curso 20__/20__.
(Asinar no caso de marcar cunha x)
Asdo./

Non estou de acordo en que a miña filla o meu fillo reciba o apoio da mestra de Audición e Linguaxe, neste curso 20__/20__.
(Asinar so no caso de marcar cunha x)
Asdo./

Vilagarcía de Arousa, a ____ de _____ de 20__

Protocolo II. ADAPTACIÓN CURRICULAR

Protocolo II.I Modelo de: Autorización para a adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade (adaptación curricular), pola dirección do centro, sen prexuízo da autorización da Inspección Educativa.

AUTORIZACIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (ADAPTACIÓN CURRICULAR), POLA DIRECCIÓN DO CENTRO, SEN PREXUÍZO DA AUTORIZACIÓN DA INSPECCIÓN EDUCATIVA

Da _____ en calidade de directora do CEIP A Lomba – Pontevedra, **AUTORIZA** a que se leve a medida extraordinaria de:

Proposta de Adaptación curricular nas áreas de :

Para o alumno ou a alumna _____ matriculado ou matriculada neste centro no momento actual.

Precisa autorización da Inspección Educativa.

Vilagarcía de Arousa, _____ de _____ de 201__

Asdo. O director

Selo do centro

Protocolo II.II Modelo de: Información á familia, da medida extraordinaria de adaptación curricular.

INFORMACIÓN Á FAMILIA, DA MEDIDA EXTRAORDINARIA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

Don ou Dona _____ nai, pai e/ou titora ou titor legal da alumna ou do alumno _____ matriculado no ___ ciclo - ___ nivel da etapa de Educación _____, fun informado neste día das decisións adoptadas en relación á proposta de adaptación curricular.

Vilagarcía de Arousa, ___ de _____ de 201__

Asdo./ Nai, pai e/ou titora ou titor legal.

Protocolo II.III Modelo de: Información e conformidade da familia, da medida extraordinaria de adaptación curricular.

INFORMACIÓN E CONFORMIDADE DA FAMILIA, DA MEDIDA EXTRAORDINARIA DE ADAPTACIÓN CURRICULAR

Don ou Dona _____ nai, pai e/ou titora ou titor legal da alumna ou do alumno _____ matriculado no ___ ciclo - ___ nivel da etapa de Educación _____, fun informado neste día das decisións adoptadas en relación á proposta de adaptación curricular, e comunico:

Que estou de acordo coas mesmas.

Vilagarcía de Arousa, ___ de _____ de 201__

Asdo./ Nai, pai e/ou titora ou titor legal.

Protocolo III. GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS

Protocolo III.I Modelo de: Autorización para a adopción de medidas extraordinarias de atención á diversidade (grupo de adquisición de linguas), pola dirección do centro.

AUTORIZACIÓN PARA A ADOPCIÓN DE MEDIDAS EXTRAORDINARIAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (GRUPO DE ADQUISICIÓN DE LINGUAS), POLA DIRECCIÓN DO CENTRO

D^a _____ en calidade de directora do CEIP. A Lomba, Vilagarcía de Arousa, **AUTORIZA** a que se leve a cabo a medida extraordinaria de:

Grupo de adquisición de linguas, ao alumno ou alumna _____, do **último curso de Educ. Infantil**, procedente do estranxeiro, por ter un descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.

Durante o ____ trimestre.

Cunha duración de 5 períodos lectivos semanais, que se irán reducindo.

Grupo de adquisición de linguas, ao seguinte alumno ou alumna _____, de ____ **curso de Primaria**, procedente do estranxeiro, por ter un descoñecemento das dúas linguas oficiais de Galicia.

Durante o ____ trimestre.

Cunha duración de 10 períodos lectivos semanais, que se irán reducindo.
(Marcar cunha cruz no caso de ser alumnado do 1º ciclo)

